- ✓ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *toujours, d'habitude*); incoativo,terminativo (*venir de + Inf.*).
- ✓ Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*être capable de*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*avoir besoin de + infinitif, il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, imperativo*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseo (*avoir envie de*); cortesía.
- ✓ Expresión da existencia (presentativos); a entidade (*articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); proposicións adxectivais (*qui/que*); a cualidade (posición dos adxectivos, *facile/difficile à...*); a posesión (adxectivos posesivos).
- ✓ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...*); o grao.
- ✓ Expresión do espazo (prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).
- ✓ Expresión do tempo: puntual (*moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir*); divisións (*au ... siècle, en (année)*); indicacións de tempo (*après-demain, avant-hier, tout de suite*); duración (*maintenant*); anterioridade (*il y a...que*); posterioridade (*plus tard*); secuenciación ( *finalement*); simultaneidade (*au moment où, en même temps*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).
- ✓ Expresión do modo.

## 4º ESO

### Contidos sintáctico-discursivos da Segunda Lingua Estranxeira: Francés, 4º ESO

- ✓ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non seulement...mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).
- ✓ Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).
- ✓ Exclamación (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).
- ✓ Negación (*ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus*).
- ✓ Interrogación (*Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles*, pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*).
- ✓ Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).
- ✓ Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).
- ✓ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilidade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/deseño (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*); cortesía.
- ✓ Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufixos (*-ette, -elle*), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).
- ✓ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs(s)*); o grao.
- ✓ Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome "y").
- ✓ Expresión do tempo: puntual (*tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de*); divisións (*semestre, période, au moment où*); indicacións de tempo

(*la semaine dernière, le mois dernier*); duración (*encore / ne...plus*);  
anterioridade (*déjà, ça fait...que*);posterioridade (*ensuite, puis*);



secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).

✓ Expresión do modo: (*Adv. de manière en –ment*).

## 9.- METODOLOXÍA:

A metodoloxía constitúe o conxunto de criterios, principios e estratexias que permiten orientala acción educativa.

Na programación de aula prevista, temos en conta as recomendacións e progresións do marco europeo común de referencia para as linguas e as normativas oficiais fixadas para o ensino da 2ª lingua estranxeira na ESO.

No contexto do marco europeo común de referencia, os contidos e as competencias traballadas neste curso e con este método sitúanse entre as seccións A1 e A2 (para os 4 primeiros niveis). Para 1º da ESO, A1- A1.1. No ámbito nacional, temos en conta os contidos e os obxectivos fixados polas autoridades educativas nacionais e as progresións establecidas pola autonomía. Aínda que hai que sinalar que algúns alumnos acadan ao remate da ESO un nivel A2 elevado -B1 inicial; outros quedan no A2.

No proceso de ensino-aprendizaxe, incorporamos a evolución actual da didáctica das linguas estranxeiras; con progresións nas catro destrezas lingüísticas, pero introducindo o cruce destas destrezas. Introducimos a **aprendizaxe por “tarefas”** para integrar e sintetizar as diversas competencias; haberá ademáis exercicios de reflexión. Insistiremos nunha aprendizaxe en espirales sucesivas.

A programación prevista incorpora a avaliación actual da didáctica das linguas estranxeiras. Desenvolve a capacidade de interactuar nas situacións das habilidades do uso oral da lingua: escoitar, falar, conversar, así como as habilidades ler e escribir, e potencia tanto as destrezas produtivas coma as receptivas, dando á comprensión un lugar relevante (escoitar e comprender, ler e comprender).

O obxectivo fundamental da práctica metodolóxica é o desenvolvemento dunha competencia comunicativa mediante a adquisición de destrezas produtivas

(expresión oral e escrita) e receptivas (comprensión oral e escrita), baseadas na interacción ou mediación.

As **actividades de aprendizaxe** constituirán o núcleo de planificación didáctica e nelas integraranse os obxectivos, os contidos e a avaliación que conforman as distintas unidades de programación. Propóranse actividades que permitan ó alumno a adquisición dunha competencia comunicativa o que implica traballar os bloques seguintes: escoitar, leer, escribir e falar.

**En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.**

Na planificación das actividades teranse en conta unha serie de criterios metodolóxicos:

- Os coñecementos previos dos alumnos
- A necesidade de adaptar a temporalización da práctica metodolóxica ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos.
- A necesidade de fomentar a lectura.
- A necesidade de fomentar a interdisciplinabilidade.
- O erro forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Os contidos abordaranse de forma estruturada (léxico, fonética, contidos sintáctico discursivos...) e lóxica, e tendo en conta a diversidade de capacidades, motivacións, intereses e peculiaridades que presente o grupo de alumnos.
- Potenciarase un enfoque baseado en competencias, o que supón traballar os seguintes bloques: comprensión oral e expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita e, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos, o que permitirá desenvolver a competencia en comunicación lingüística.

## **9.1.- ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS:**

- Uso de estratexias de comprensión: comparación coa lingua materna, dedución do significado polo contexto.
- Asimilación de contidos a través da análise do contexto, da observación da iconografía ou ilustracións, e da reutilización dos contidos.
- Comparación coas linguas maternas.
- Identificación da información principal e de ideas claves.
- Repetición de estruturas lingüísticas na reprodución simulada ou real de situacións de comunicación oral ou escrita.
- Indagación e investigación sobre documentos ou textos.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos.
- Comentario de textos.
- Preparación, realización e exposición de proxectos.
- Memorización comprensiva.

### **Estratexias de Comprensión de Textos Oraís:**

- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir de imaxes, música.
- Repetición (reescoitar o texto gravado)

### **Estratexias de Producción de Textos Oraís:**

- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da iteración.
- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica.

### **Estratexias de Comprensión de Textos Escritos:**

- Mobilización de información previa a partir de imaxes ou títulos de cabeceira.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados.

### **Estratexias de Producción de Textos Escritos:**

- Uso adecuado de recursos lingüísticos.
- Expresión da mensaxe con claridade.
- Presentación coidada

### **AGRUPAMENTOS:**

- ✓ Dada a situación sanitaria actual os alumnos traballarán individualmente na aula co seu material indicado a principios de curso.
- ✓ Realizarán actividades de forma individual na casa como traballo complementario.
- ✓ Realizarán proxectos de xeito individual ou en grupos colaborativos para reforzar a súa autonomía.

### **TEMPOS:**

O horario establecido para cada sesión de clase é de 50 minutos, a razón de 2 sesións semanais, agás os venres, con sesións de 45 minutos.

### **ESPAZOS:**

- ✓ Aula de clase asignada ó grupo de alumnado con portátiles do PLAN EDIXGAL con conexión a Internet en 1º e 2º e con pizarra dixital en todos os cursos da ESO.
- ✓ Biblioteca do centro con mamparas.
- ✓ Patio de recreo.
- ✓ Aula de informática

## **9.2.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:**

Fai dous anos actualizouse todo o material do departamento de Francés e así consta no libro de actas do departamento. Os libros de texto cos que os alumnos van traballar son os seguintes:

	<b>Curso:</b>	<b>1º ESO:</b>	<b>2º ESO:</b>	<b>3º ESO:</b>	<b>4º ESO:</b>
--	---------------	----------------	----------------	----------------	----------------

<b>Libro de Texto:</b>	<b>Título:</b>	EDIXGAL	EDIXGAL	<i>“Parachute 3”</i>	<i>“Parachute 4”</i>
	<b>Autor:</b>	Saracíbar-Pastor-Martín-Butzbach			
	<b>Editorial</b>	Santillana			

- ✓ En cada curso da ESO, o alumnado contará cun **libro de texto** adaptado á LOMCE a partir do cal se organizarán as actividades e aprendizaxe.
- ✓ E contaremos para cada curso cun **libro dixital interactivo na aula** coa **pizarra dixital con conexión a Internet**: para contidos sintáctico-lingüísticos, actividades de comprensión oral e escrita e, de expresión oral e escrita.
- ✓ Material de reforzo (fichas de elaboración propia da profesora para atender á diversidade e para actividades de reforzo ou apoio)
- ✓ **DVD-ROM**: material complementario para a atención á diversidade
- ✓ **CD audio**: actividades de comprensión oral.
- ✓ **Dicionario ilustrado ou en soporte multimedia**: léxico, definicións e sinónimos.
- ✓ **Cómics, sopas de letras, crucigramas e libros de lectura en formato dixital con ou sen audio ou en soporte papel**: material para dinamizar a competencia en comunicación lingüística e as destrezas en comprensión oral e escrita, e en expresión oral e escrita.
- ✓ **Revistas, xornais e magazines** francófonos de actualidade.
- ✓ **Portfolio**: opcional

OUTROS RECURSOS:

---

-**Fichas de explicacións personalizadas e** adaptadas, atendendo á diversidade individual ou de grupos.

-**Fichas de actividades** complementarias, de reforzo de contidos ou para a atención á diversidade con niveis adecuados a cada necesidade.

-**Recursos multimedia:** páxinas de internet suxeridas e adaptadas ao alumnado e vídeos con fins pedagóxicos.

-**Recursos audiovisuais:** portátiles ABALAR en 1º e 2º ESO.

-**Documentos auténticos:** mapas, artigos, folletos turísticos, revistas, xornais dixitais ([www.1jour1actu.com](http://www.1jour1actu.com), [www.monpetitquotidien.com](http://www.monpetitquotidien.com), [www.lexiquefle.free.fr](http://www.lexiquefle.free.fr), [www.tv5.org](http://www.tv5.org), [flevideo](http://flevideo), [www.lutinbazar](http://www.lutinbazar), [www.rfi.fr](http://www.rfi.fr), [FLENET](http://FLENET),..., recursos de blogs previamente seleccionados pola docente)

-Secuencias de películas en versión orixinal (Subtituladas nas linguas maternas)

-Secuencias de reportaxes.

-Cancións.

-Xogos (par aprende os números, as horas,...)

-Películas

## **10.- PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN DO CURSO 2019-2020**

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaboraran plans de reforzo e recuperacion coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020.

A partir dos **informes individualizados** elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, os cales serán previamente determinados polos equipos docentes e departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2020/2021.

A continuación detállanse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior:

### **2º ESO:**

BLOQUE 1 COMPRENSIÓN ORAL : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 2 EXPRESIÓN ORAL : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 3 COMPRENSIÓN ESCRITA : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 4 EXPRESIÓN ESCRITA : UNIDADES 5 E 6

## BLOQUE 5 COÑECEMENTOS INTERCULTURAIIS : UNIDADES 5 E 6Ç

### 3º ESO :

BLOQUE 1 COMPRENSIÓN ORAL : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 2 EXPRESIÓN ORAL : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 3 COMPRENSIÓN ESCRITA : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 4 EXPRESIÓN ESCRITA : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 5 COÑECEMENTOS INTERCULTURAIIS : UNIDADES 5 E 6

### 4º ESO:

BLOQUE 1 COMPRENSIÓN ORAL : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 2 EXPRESIÓN ORAL : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 3 COMPRENSIÓN ESCRITA : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 4 EXPRESIÓN ESCRITA : UNIDADES 5 E 6

BLOQUE 5 COÑECEMENTOS INTERCULTURAIIS : UNIDADES 5 E 6

## **11.- CONCRECIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO POR CURSO:**

### 1º ESO:

<b>MATERIA: FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.- 1º ESO</b>
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</b>
<b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>
<b>B1.1.</b> Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos...), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. <b>B1.2.</b> Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou detalles relevantes dun texto (quen fala, a quen, con que intencións onde e cando). <b>B1.3.</b> Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas, emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación. <b>B1.4.</b> Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais.
<b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>
<b>B2.1.</b> Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. <b>B2.2.</b> Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións colaborando para entender e facerse entender. <b>B2.3.</b> Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a, e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas. <b>B2.4.</b> Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.
<b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>
<b>B3.1.</b> Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos

coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

**B3.2.** Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente.

**B3.3.** Comprender a información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados.

**B3.4.** Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.

#### BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

**B4.1.** Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados.

**B4.2.** Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

**B4.3.** Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

**B4.4.** Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

#### BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE:

**B5.1.** Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.

**B5.2.** Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

**B5.3.** Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamentos e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

**B5.4.** Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

**B5.5.** Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os compoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar.

**B5.6.** Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos o culturais.

## 2º ESO:

### MATERIA: FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º ESO

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

##### BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.

B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.

B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiás habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

##### BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS



<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>
<b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>
<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.</p> <p>B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens e servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.</p>
<b>BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>
<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>
<b>BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE:</b>
<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente</p>

### **3º ESO:**

<b>MATERIA: FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 3º ESO</b>
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</b>
<b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>
B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os

puntos principais ou a información máis importante do texto.

B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.

B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.

B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.

B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.

B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.

#### **BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**

B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.

#### **BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.

B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.

B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

#### **BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.

B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas

relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.

B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

#### **BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE:**

B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.

B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente

## **4º ESO:**

### **MATERIA: FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º ESO**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

#### **BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS**

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiás en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.

B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.

#### **BLOQUE 2: PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS**

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.

B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.

B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.

B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.

### **BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.

B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.

B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

### **BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.

B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.

B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.

B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

### **BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE:**

B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.

B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.

## 11.1.- AVALIACIÓN E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

IDENTIFICACIÓN CRITERIOS POR BLOQUES:	CUALIFICACIÓN AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS:
<b>Bloque 1.-</b> Comprensión de textos orais	20%	40%	-Rexistro cuantitativo das probas de comprensión oral -Portfolios -Técnicas de aprendizaxe	-Proba de audición: proba de comprensión de documentos sonoros ou conversas con preguntas sinxelas, dirixidas, de resposta curta ou realización de breves resumos orais -Caderno do alumnado
<b>Bloque .2.-</b> Produción de textos orais	20%	40%	-_Rexistro cuantitativo das probas de produción oral mediante rúbricas e indicadores de logro -Observación sistemática do alumno ante as intervencións orais -Portfolios -Técnicas de aprendizaxe	-Lecturas -Gravacións -Intercambios orais en grupos
<b>Bloque 3.-</b> Comprensión de textos escritos	20%	40%	-Rexistro cuantitativo das probas de produción escrita mediante rúbricas -Portfolios -Técnicas de aprendizaxe	-Proba de comprensión escrita de documentos con preguntas tipo test dirixidas, de resposta curta ou semi-curta ou resumos
<b>Bloque 4.-</b> Produción de textos escritos	20%	40%	-Portfolios -Rúbricas con índices de logro -Observación sistemática do alumno ante as intervencións orais -Portfolios -Técnicas de aprendizaxe	Producións de: -Redaccións -Narracións -Resumos -proxectos - Caderno do alumnado
<b>Bloque 5.-</b> Coñecemento da lingua e conciencia intercultural e plurilingüe	20%	40%	-Rexistro cuantitativo das probas escritas mediante rúbricas -Técnicas de aprendizaxe -Autoavaliación	-Proba escrita individual -traballos e proxectos individuais ou en grupos -Caderno do alumno/a - Proxectos

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN COMÚNS ENTRE DEPARTAMENTOS DE LINGUAS DO CENTRO:

En reunión entre todos os departamentos de linguas de Secundaria do centro, acoudouse ratificar os acordos do curso pasado.

### 1) Presentación:

- Todos os traballos deben entregarse en folio branco e escritos con bolígrafo (nunca con lapis) ou en formato dixital, según as instrucións.
- Deben respectarse as marxes esquerda e dereita.

- Os distintos parágrafos marcaranse ben mediante sangría na primeira liña, ben mediante un dobre espazo.
- Os textos/actividades deben incluír no comezo a data, o título ou o enunciado da actividade.
- Se un alumno intenta copiar nunha proba avisaráselle para que desista.
- Se un alumno copia nunha proba/control retiraráselle a proba/control e repetiráselle nese mesmo día se o horario do profesor ou do alumno o permite; ou ben o alumno poderá repetir a proba nunha data sinalada polo profesor.

## **11.2.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS:**

Realizarase unha **proba de comprensión oral**, unha **proba de comprensión escrita** adaptada a cada nivel/curso (en 1º da ESO cun texto moi sinxelo con palabras “transparentes”, o alumno deberá demostrar un certo grao de comprensión e unha proba de escritura adaptada a cada curso/nivel, como estamos ao inicio da aprendizaxe, simplemente consistirá e copiar unha frases ou responder con palabras claves e sinxelas para verificar se o alumno é quen de reproducir a ortografía francesa con sentido) na lingua estranxeira de diferentes niveis: **NIVEAU INTRO, NIVEAU 1, NIVEAU 2, NIVEAU 3, NIVEAU 4**, para determinar o nivel de competencia en comunicación lingüística do alumnado.

A **proba de comprensión oral** adaptada a cada nivel da ESO (1º da ESO identificará palabras transparentes e relacionará palabras moi sinxelas e transparentes a ilustracións), que consistirá en responder a preguntas tipo test e dar respostas curtas tras a audición dun documento oral.

Comunicarase ó alumnado o resultado das probas que **teñen carácter orientativo e informativo coa finalidade de tomar as medidas de atención á diversidade oportunas, non computarán de forma negativa nin para a avaliación.**

As probas serán corrixidas na aula, servirán como punto de partida para tomar decisións sobre o alumnado por parte do Departamento de Francés. A sesión

de avaliación inicial para valorar os resultados de todas as áreas está prevista para o **28 de setembro de 2020**.

A información aportada permitirá ao profesor valorar as dificultades coas que se vai encontrar o alumno: ortografía, comprensión, distinción de clases de palabras). Non se fará proba oral, xa que en 1º de ESO empezamos de cero na aprendizaxe da lingua e nou demáis cursos xa dispoño de información do curso pasado e despois do período vacacional non ten moito sentido. Tamén serven para averiguar se hai algún alumno bilingüe.

Entre as **medidas a adoptar en función dos resultados** que se poidan tomar, analizando cada caso:

- posible Reforzo Educativo dentro da aula ou nos recreos, proposta de exención.
- valoración e proposta para Exención da Lingua durante a sesión de avaliación inicial, aínda que estes casos veñen detectados e propostos cos titores de 6º de Primaria e Departamento e Orientación. Temos unha reunión interetapas de información ao comezo do curso.
- simplificar os enunciados ou especificalos máis, dependendo do estándar avaliado,
- traballar atendendo a esta diversidade simplificando o nivel de dificultade dos controles ou actividades na aula (exercicios de relacionar imaxes, palabras/frases/imaxe, ...)
- Nalgunhas preguntas ofrecer 2 opcións a resolver A) de dificultade estándar e B) de dificultade máis sinxela.
- preparación de material complementario específico (incluso recursos on lne e libros de lectura ou magazines para alumnos bilingües ou de capacidades altas.

## **CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN INICIAL**

Tralos meses de confinamento con ensino non presencial e o período estival os resultados da avaliación inicial amosan a importancia dun plan de reforzo e

recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 (xa citadas), así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Globalmente, os resultados en comprensión oral e escrita son moi superiores ós de expresión oral e escrita.

### **11.3.- AVALIACIÓN CONTÍNUA**

#### **A) PRESENCIAL:**

A asimilación dunha materia coma o idioma estranxeiro debe ser continua e progresiva ao longo do curso. Cando un alumno aproba unha avaliación considérase que ten superadas todos os obxectivos propostos.

A avaliación será **continua, global, sistemática e individualizada** ao longo do curso. Todo o que suceda na aula é susceptible de ser avaliado

O alumnado será cualificado de 1 a 10 en cada unha das avaliacións, segundo a normativa vixente.

Realizaranse varias probas escritas e orais en cada avaliación que se enumeran a continuación.

#### **PROBAS:**

- **1 proba de comprensión escrita por avaliación: 25%** da nota global de avaliación.

Consistirá nun texto relativo a unha situación real ou simulada que o alumno deberá ler de forma comprensiva. A nota final será sobre 10.

- **1 proba de comprensión oral por avaliación: 25%** da nota global de avaliación.

Consistirá en escoitar un diálogo ou en realizar unha conversa curta. A continuación o alumno demostrará o grado de comprensión oral respondendo a unha serie de preguntas relativas á comprensión global ou específica. O diálogo, se o hai, escoitarase 3 veces, 2 veces cando fose suficiente para todos os alumnos. A nota final será sobre 10.



- **1 proba de produción escrita** por avaliación: **25%** da nota global de avaliación.

Consistirá en redaccións que irán aumentando a súa complexidade en función do nivel do alumnado e según os obxectivos previstos. Poderán ser presentacións, descripcións, diálogos, respostar a formularios, dependendo do obxectivo previsto. Os alumnos poderán realizalos na aula ou entregaraselle unha ficha coas indicacións da tarefa prevista e acordarase unha data de entrega cun prazo de tempo razoable. A proba será cualificada ata 10. Valorarase a corrección na expresión, o manexo do léxico estudado na clase, as concordancias de xénero e número, o emprego dos tempos verbais axeitados coas terminacións correctas.

- **2 probas de expresión oral** por avaliación: **25%** da nota global de avaliación.

Unha proba consistirá na **lectura** dun texto ou diálogo demostrando unha progresión e un esforzo en pronunciar correctamente e na correcta entoación. O alumno será cualificado ata 10 (**12.5%** da nota deste apartado)

A outra proba consistirá en responder a preguntas relacionadas cos obxectivos previstos, nunha exposición oral por grupos ou en **falar** dun tema previamente tratado na aula (exemplo: indicar as actividades que se realizan, contar a xornada cotidiana, presentarse e presentar a familia). Para esta proba realizarase previamente unha práctica na aula. (**12.5%** da nota deste apartado)

A nota, que será o **25%** na nota global de avaliación, resultará da media entre estas dúas probas.

Faranse prácticas de comprensión e expresión escrita e comprensión e expresión oral. Estas prácticas serán cualificadas ata 10 e poderán sumarse ás probas de avaliación para ser tidas en conta se os resultados son satisfactorios. Deste xeito, terán máis oportunidades de mellorar os seus resultados e demostrar o seu progreso na

aprendizaxe. A nota de avaliación resultará da media dos resultados obtidos en cada apartado.

- Se, por motivos extraordinarios (ausencia por enfermidade do alumnado,...) non se puidese realizar a proba dalgún apartado, o estudante será cualificado polas notas e observacións recollidas polo profesor obtidas durante avaliación continuada.
- Se un estudante falta a unha proba/exame por motivos de saúde, seguirase o protocolo aprobado na CCP e claustro. O alumno deberá entregarlle ao titor ou ao profesor un xustificante médico da súa ausencia para que se lle poida realizar esa proba/exame cando regrese ao centro. A proba/exame realizaráselle despois do regreso do alumno. Se o alumno non trouxese xustificante da falta de asistencia, non se realizará esa proba/exame e o alumno sería cualificado coas demais notas obtidas ao longo do trimestre.
- O abandono académico da materia: neste caso, seguirase o protocolo establecido para estes casos no centro.

**PONDERACIÓN da nota:** redondearase a partir de 0'55. Exemplo: 5'55 dará lugar a un 6 na nota final.

Todas as probas, traballos serán entregados a bolígrafo con indicación clara: do nome, apelidos, curso e grupo do alumno/a. As tarefas ou proxectos deberán seguir as instrucións.

## **B) NON PRESENCIAL**

A asimilación dunha materia coma o idioma estranxeiro debe ser contínua e progresiva ao longo do curso. Cando un alumno aproba unha avaliación considérase que ten superadas todos os obxectivos propostos.

A avaliación será **contínua, global, sistemática e individualizada** ao longo do curso. Todo o que ocorra na aula virtual e nas videoconferencias é susceptible de ser avaliado

O alumno será cualificado de 1 a 10 en cada unha das avaliacións, segundo a normativa vixente.

Todo o alumnado de francés ten acceso ó libro dixital, a través de EDIXGAL no caso de 1º e 2º da ESO e grazas ás credencias facilitadas por Santillana no caso de 3º e 4º da ESO. Deste xeito os contidos da materia serán traballados de diferentes xeitos:

- Seguindo o libro dixital
- Con diferentes tarefas dispoñibles na aula virtual (lecturas, cancións, contidos multimedia coma videos e documentais...)
- Traballos individuais
- Traballos colaborativos
- Videoconferencias a través da plataforma WEBEX

O profesorado será responsable de achegar as tarefas ó alumnado e de facer o seguimento das mesmas, así coma de entregar as correccións pertinentes.

Dadas as dificultades da comunicación oral, xa que hai zonas nas que a conexión wifi non é boa e escóitase con interrupcións e interferencias, as probas a realizar serán só de comprensión e expresión escrita: 2 probas de comprensión escrita (contará cada unha o 25% da nota da avaliación) e 2 probas de expresión escrita (contará cada unha o 25% da nota da avaliación).

**PONDERACIÓN da nota:** redondearase a partir de 0'55. Exemplo: 5'55 dará lugar a un 6 na nota final.

#### **11.4.- AVALIACIÓN FINAL:**

**Alumnado:** nos casos de perda do dereito de avaliación continua previstos pola lei, ou que non superase os contidos mínimos ó longo do ano escolar.

**Tipo de proba:** unha proba de comprensión oral e escrita, unha proba de coñecementos da lingua, unha proba oral e, unha proba de produción escrita.

Avaliaranse os estándares pendentes segundo os criterios de cualificación establecidos.

**Cualificación das probas:**

-O alumnado será cualificado de 0 a 10 en cada unha das probas.

**Convocatoria da proba:** xuño de 2020, na data programada no calendario de probas.

No caso de avaliación **non-presencial** farase unha proba de comprensión e expresión escrita.

**11.5.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:**

Realízase en setembro na data e horario establecido por Xefatura de Estudos.

**Alumnado a quen vai dirixida:** alumnado suspenso na convocatoria de xuño por non acadar os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.

**Tipo de proba:** constará dunha proba escrita de coñecementos da lingua, de comprensión escrita e de produción escrita. Non haberá proba de comprensión oral porque nas aulas non está garantizado que haxa o material necesario para os audios. A proba de produción oral carece de sentido despois dun período de dous meses sen clases lectivas.

Avaliaranse os estándares pendentes segundo os criterios de cualificación establecidos.

Nalgúns casos, para atender á diversidade, poderase pedirle ao alumno a realización dun caderno de actividades ou a realización dalgunha tarefa.

**Cualificación das probas:**

-O alumno será cualificado de 0 a 10 en cada unha das probas.

-Nota mínima en cada proba: 5. Redondearase a nota partir de dous decimais.

No caso de avaliación **non-presencial** farase unha proba de comprensión e expresión escrita.

**12.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE:**

1.- Antes de nada, hai que ter en conta que considerárase a **área progresiva**. É dicir que se un alumno aproba un curso ou nivel superior ou avaliación ao que ten pendente, automaticamente a materia será considerada como superada con respecto aos cursos inferiores dos que se trate. Isto ten tamén que ver co feito de que o Departamento de Francés é unipersoal, co cal a Xefa do Departamento pode avaliar en todos os casos o nivel de recuperación e o grado de consecución dos obxectivos e contidos acadados polo alumno en cuestión.

2.- Os alumnos que non acaden unha avaliación positiva na avaliación terán dereito a realizar unha proba de recuperación en **maio**. **A data da proba de recuperación será consensuada** previamente co alumnado en cuestión.

Tamén poderán realizar unhas tarefas de recuperación ou reforzo en base ao **principio de atención á diversidade**. Estas actividades deben facerse acompañados dun traballo previo de reflexión e estudo da materia que abarcan. Non serán válidas as actividades se están incompletas ou teñen demasiados erros. Os alumnos que non realicen satisfactoriamente esta tarefas de recuperación propostas polo Departamento teñen igualmente dereito a presentarse ós exames de recuperación, tal como establece a lexislación vixente.

Todo alumno que teña estándares pendentes de terá á súa disposición material didáctico para recuperar a materia e mellorar a súa competencia lingüística na segunda lingua estranxeira.

Informarase deste apartado a todos os alumnos.

**Alumnado coa materia pendente de cursos anteriores no centro ou coa materia pendente procedente doutro centro escolar:**

Avaliación: Unha proba escrita por trimestre. Constarán dunha proba escrita de coñecementos da lingua, de comprensión escrita e de produción escrita. Non haberá proba de comprensión oral porque nas aulas non está garantizado que haxa o material necesario para os audios. A proba de produción oral carece de sentido despois dun período dun ano sen clases lectivas. Ditas probas serán avaliada sobre 10.

No caso de avaliación **non-presencial** farase unha proba de comprensión e expresión escrita.

O alumno será informado con antelación das datas de cada proba.

-Nota mínima: 5. Redondearase a nota partir de dous decimais.

**-MOTIVOS DE ANULACIÓN DUNHA PROBA:**

No caso de que o estudante copie durante a proba ou utilice tecnoloxías non autorizadas para a súa realización, esta proba será anulada, tendo en conta que non se pode utilizar como instrumento real e fiable do nivel de competencia acadado.

Poderá repetir a proba nunha data consensuada coa profesora.

-As probas terán que ser entregadas co nome e apelidos do alumnado

As datas das probas intentaranse, como todos os cursos pasados, que non haxa coincidencia con probas doutras materias, na medida do posible.

-Poderanse realizar controis sen previo aviso para valorar o grao de consecución dos obxectivos de programación e o grao de asimilación das ensinanzas. Non será unha práctica habitual; o único obxectivo sería valorar o grao de consecución dos obxectivos previstos.

**O alumnado de Francés será informado dos criterios avaliación e de calificación do Departamento de Francés ao inicio do curso académico, unha vez cerradas as listaxes de alumnos en cada grupo.**

### **13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

#### **13.1. - MEDIDAS ORDINARIAS:**

Adoptaranse as medidas previstas no Real decreto 1.105/2014 do 26 de decembro, no que se regulan medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares. Tratarase na medida do posible de adecualo proceso de ensinoaprendizaxe no caso de alumnado con necesidades ou dificultades específicas; e fomentala súa inclusión no grupo de alumnos.

Adoptaranse as medidas que se consideren oportunas para adecuar a intervención pedagóxica ás necesidades específicas do alumnado. Tanto no caso de alumnado con dificultades para seguir o currículo establecido como doutros que presenten determinadas dificultades sensoriais ou como noutros casos que se poidan detectar, tratarase de fomentar a colaboración e a solidariedade sobre todo no que se refire a non permitir que se emitan xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión ou de produción dos alumnos.

Concreción de medidas:

- ✓ Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a teoría das intelixencias múltiples de Gardner.
- ✓ Prever para un mesmo obxectivo/contido varias actividades de menor a maior dificultade.
- ✓ Adaptar os contidos en base a unha atención individualizada, por exemplo:
  - >Asociación texto-imaxe.
  - >Búsqueda de información global ou específica.
  - >Búsqueda de información guiada.
  - >Deducción do significado polo contexto.
  - >Explotación de elementos lingüísticos a través de soportes multimedia.
- ✓ Realizar diferentes tipos de avaliación se fose necesario.

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<p>▪ <u>Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.</u></p> <p>a).-Tempos diferenciados, horarios específicos: ampliarase o tempo para a realización dunha tarefa ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe. Terase en conta o ritmo de aprendizaxe do alumno/a.</p> <p>b).-Espazos diferenciados: impartirase clase na aula habitual e na aula de informática ou de idiomas para usalos diferentes recursos previstos, evitala monotonía e incremental o interese do alumnado. Aproveitarase o cambio de aula para adecuala intervención pedagóxica e atendela diversidade de niveis competencias, propoñendo aos alumnos actividades específicas (repaso de contidos lingüísticos, actividades de discriminación de sons para melloral a competencia en comunicación lingüística...).</p> <p>▪ <u>Materiais e recursos didácticos diferenciados:</u></p> <p>-Recomendar métodos de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2-C1), a principios de curso ou no</p>	<p>▪ <u>Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo,</u> como por exemplo: traballo colaborativo en grupos heteroxéneos; aprendizaxe por proxectos; flexibilización de contidos para o alumnado con dificultades ou de incorporación tardía; impartición de contidos propios ou ampliación de contidos para alumnado con altas capacidades; prever para un mesmo contido actividades de menor a maior dificultade; potenciar o uso da linguaxe plástica e iconográfica; dinamizar o pensamento cognitivo fomentando o desenvolvemento da sensibilidade artística e musical, fomentala socialización e a inclusión do alumnado xogos e actividades interactivas. Proporcionar descansos ou aplicar outras medidas indicadas polo orientador do centro, no caso de alumnado diagnosticado (*TDAH). Empregar as novas tecnoloxías como medio de aprendizaxe que permita incremental o interese e a motivación do alumnado.</p> <p>▪ <u>Adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación para alumnado con necesidades:</u></p>

<p>caso de incorporación tardía do alumno conforme ó seu nivel competencial.</p> <p>-Incorporar material iconográfico e audiovisual específico para o alumnado conforme as súas necesidades.</p> <p>-Proposta de lecturas adaptadas de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2-C1).</p> <p>-Proposta de material: actividades de reforzo ou complementarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <u>Desdobramentos de grupos.</u></li> <li>▪ <u>Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula:</u> preverase no caso de incorporación de alumnado con dificultades sensoriais. Atenderase as pautas que estableza o departamento de orientación.</li> </ul>	<p>-Realización dunha avaliación personalizada: no caso de grupos heteroxéneos ou con intereses diferenciados as probas poderán ser xerais onde se inclúan actividades máis complexas (completar con unha estrutura lingüística, desenvolver un tema de actualidade, escribir un diálogo, expresar unha opinión; ou/e probas específicas onde se combinen dentro da proba actividades máis sinxelas, de elección de opcións múltiple, completar frases, confirmar unha afirmación ou negala (probas de comprensión oral ou escrita indicando si as frases son verdadeiras ou falsas), asocialo léxico à imaxe correspondente, completar un esquema, un mapa ou identificar unha información a partir na lectura dun texto ou documento.</p> <p>-Realización dunha avaliación por proxectos para o alumnado en xeral no caso de que non se poidan facer tódalas probas previstas das diferentes destrezas por motivos de tempo; ou polas dificultades que presente ó alumnado.</p> <p>-No caso da materia de francés segunda lingua estranxeira atenderase ó establecido no propio marco común europeo con respecto ó nivel de adquisición de contidos, destrezas e competencias, dentro da medida do posible: realizar probas por niveles (A1-A2-B1-B2-C1), centradas en aprendizaxes significativas (completar un formulario para inscribirse nun concurso, completar un horario da saída dun vo nun aeroporto...)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <u>Programas de reforzo para alumnado que tivo</u></li> </ul>
---	--



	<p>promoción sen superar as materias.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>■ Programa específico para alumnado repetidor da materia.</li></ul> <p>Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia: lecturas adaptadas de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2).</p>
--	--

\*Alumnado con TDAH (Trastorno por déficit de atención e hiperactividade)

## 13.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL:               <ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado con graves dificultades na área de linguas asiste a reforzo fora da aula de PT en horas de francés segunda lingua estranxeira.</li> <li>-Atenderase ó disposto no artigo 19 Real Decreto 1.105 do 26 de decembro: medidas de reforzo para a recuperación do desfase curricular de alumnos con graves carencias na área de linguas.                   <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguiranse as pautas que estableza o departamento de orientación a principios de curso para o alumnado con dificultades e adoptaranse as medidas que se acorden nas sesións de avaliación inicial.</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>▪ De ser o caso , grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro):</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Adaptacións curriculares na materia:               <ul style="list-style-type: none"> <li>No artigo 16.2 do Real Decreto 1105 do 26 de decembro prevese a posibilidade dunha organización flexible das ensinanzas.</li> </ul> </li> <li>▪ De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> <li>▪ Alumnado con flexibilización na escolarización.</li> </ul>
<p>proporcionarase apoio ou material en colaboración con outros departamentos, dentro da posibilidades do profesorado (hora de atención a alumnado)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Outras medidas organizativas: proposta de actividades de aprendizaxe e de avaliación a través: da aula virtual de francés, do profesor titor asignado ao alumno/a, do profesor particular asignado ao alumno/a, excepcionalmente por correo ordinario e/ou a través de correo electrónico, por motivo de:               <ul style="list-style-type: none"> <li>-escolarización domiciliaria</li> <li>-escolarización combinada</li> <li>-hospitalización</li> </ul> </li> </ul> <p>Atenderase ó acordado co departamento de orientación e coa familia ou titor legal do alumno/a.</p>	

### **ACCIÓNS PREVISTAS PARA ALUMNADO CON DIFICULTADES OU DE INTEGRACIÓN TARDÍA:**

- Flexibilización dos contidos.
- Material iconográfico e audiovisual.
- Medidas específicas de reforzo.
- Lecturas adaptadas.
- Material de ampliación.

### **ACCIÓNS PREVISTAS PARA ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES:**

- Recomendar métodos de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2-C1), a principios de curso ou no caso de incorporación tardía do alumno conforme ao seu nivel competencial.
- Incorporar material iconográfico e audiovisual específico para o alumnado conforme as súas necesidades.

- Proposta de lecturas adaptadas de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2).
- Proposta de material de ampliación de actividades.
- Realización dunha avaliación personalizada a través de probas específicas de competencias (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita) de maior ou menor nivel (Débutant-A1-A2-B1-B2-C1).
- Proposta de avaliación por proxectos.

#### **14.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:**

Un dos aspectos que non podemos esquecernos de avaliar é o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente. Para un desenvolvemento axeitado e á vez simplificado deste apartado elaboramos unha serie de indicadores de logro que recollen as catro dimensións básicas que cremos reúnen os indicadores máis significativos para abordar a práctica docente:

- Seguimento da programación.
- Atención á diversidade
- Exercicios, actividades e tarefas na aula
- Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.

## 14.1.- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## 14.2.- INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## **CONCRECIÓN DOS INDICADORES:**

	1	2	3	4
1.Cando comezamos un módulo novo, presentámoslles aos alumnos os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como serán avaliados...				
2.Motivamos aos alumnos comunicándolles os obxectivos que queremos conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creándolles expectativas.				
3.Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos.				
4.Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar.				
5.As actividades que propoñemos están relacionadas con situacións cotidiana da vida real e o alumnado enténdeo.				
6.Propoñemos actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (búsqueda de información, traballos, investigación...). Definimos os obxectivos básicos do traballo para logo avalialo				
para logo avalialo.				
7. Corriximos e explicamos de forma habitual os traballos e actividades do alumnado , e damos pautas para a mellora da súa aprendizaxe.				
8.En función das características de cada alumno/a, plantexamos tarefas e logros diferentes.				
9.Empregamos metodoloxías diversas que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os seus intereses.				
10. Variamos a organización do grupo-clase (traballo individual, en parellas, en pequeno grupo, en gran grupo, organizamos axudas entre iguais en base aos perfís diferentes dos alumnos...)				
11.Empregamos recursos e materiais variados para a aprendizaxe da lingua: libro, material audiovisual, material impreso, ferramentas TIC... e seleccionámolos en función da súa idoneidade.				
12.Traballamos os temas transversais.				
13.Temos en conta os acordos cos compañeiros do noso departamento e do de Lingua castelá polo menos.				
14.Utilizamos diferentes tipos de probas de avaliación (exames, traballos individuais, traballos en grupo, exposicións orais...)				
15.Utilizamos diversos instrumentos de rexistro e diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.				
16.Analizamos os resultados e temos en conta aqueles alumnos que				

se alonxan da media tanto por arriba como por abaixo.				
17.Propoñemos novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron acadados.				
18.Propoñemos novas actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade.				

Despois de completar este cuestionario, reflexionamos e debatemos os resultados. Para centrar o debate nos aspectos máis interesantes contemplando tódalas aportacións, usaremos a seguinte plantilla de interpretación de datos:

### **15.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:**

Os valores democráticos, de tolerancia, igualdade de xénero, igualdade de oportunidades deben integrarse de maneira implícita ou explícita como contidos transversais, no proceso de ensino aprendizaxe. A educación en valores é inherente ó proceso de socialización dun alumno na sociedade, como futuro traballador. Por outra parte, é imprescindible tratar de inculcar, o respecto, o traballo cooperativo, solidario e responsable entre os alumnos co obxecto de fomentar un clima de convivencia pacífico e favorable para toda a comunidade educativa.

No Real decreto 1105/2014 do 26 de decembro regúlanse de forma xeral os aspectos xerais referidos ós elementos transversais no seu artigo 4 (punto 1):

“A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.”

Trátase de contidos de especial relevancia que serán integrados no proceso de ensino aprendizaxe en tanto que contribúen ó desenvolvemento personal e integral dos alumnos, así como á transmisión de valores e actitudes positivas:

- a educación a igualdade de oportunidades
- a educación para a saúde

- a educación para a paz
- a educación para interculturalidade - a educación para a tolerancia
- a educación para a non discriminación
- a educación para o consumo responsable
- a educación para a conservación do medio ambiente
- a educación en valores (tolerancia, respecto, empatía...)


**O arte na escola : tema transversal**

Na materia de francés segunda lingua estranxeira traballarase como contidos integrantes do currículo os seguintes elementos transversais ao longo do curso:

<b>ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b> ( <i>Artigo 4 apartado 1 Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro</i> )
COMPRESIÓN LECTORA
EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN
EMPRENDEMENTO
EDUCACIÓN CÍVICA
PREVENCIÓN DA VIOLENCIA
EDUCACIÓN CÍVICA

Tratarase de fomentalos seguintes valores no proceso de ensino aprendizaxe:

VALORES ( <i>Artigo 4 apartado 2 Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro</i> )
<b>Resolución pacífica de conflitos</b>
<b>Apreciación dos valores democráticos (liberdade, xustiza, igualdade, paz pluralismo político, respecto aos dereitos humanos, respecto por igual aos homes e as mulleres, e ás persoas con discapacidade</b>
<b>Prevencción da violencia de xénero</b>
<b>Prevencción do racismo ou da xenofobia</b>
<b>Rexeitamento da violencia terrorista</b>



CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NOS CONTIDOS DO CURRÍCULO		
Produción de textos orais	B2.2.	Actitude de respecto cara si mesmo/a e cara ás demais persoas.
Cofecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe	B5.3.	Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO CURRÍCULO		
Cofecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe	B5.2.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento...), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios...
Cofecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe	B5.5.	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro,...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos e culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES QUE INTEGREN CONTIDOS TRANSVERSAIS	
Participación en proxectos interdisciplinares do centro ou en proxectos propostos polo departamento de francés para celebrar:	Día internacional da paz, día internacional da muller...
Abordaranse “os símbolos de Francia” nos que se traballan:	Valores democráticos, de igualdade, de tolerancia....
Abordaranse hábitos ecolóxicos saudables co obxecto de inculcar:	Valores de respecto ao medio ambiente
Documentos audiovisuais nos que se fomentan:	Valores democráticos na sociedade francesa
Lecturas que fomenten comportamentos solidarios e a prevención de accidentes de tráfico:	Valores solidarios, cívicos e de respecto ás persoas impedidas
Participación en proxectos do blog, audición de cancións, proxección de documentos que fomenten a igualdade, a pluralidade.....:	Canción: “On a tous le même sang” de Yannick Noah ou outros documentos.

## 16.- PLAN TIC :

Utilizaranse os materiais informáticos dispoñibles na aula (portátiles do Plan EDIXGAL en 1º e en 2º da ESO, que deixaron de estar vixentes) co obxectivo de desenvolver a competencia lingüística.



## **OBXECTIVOS:**

- ✓ Atender a diversidade: alumnos con necesidades ou dificultades específicas.
- ✓ Reforzar contidos morfosintácticos traballados previamente.
- ✓ Motivar ó alumno cara a aprendizaxe da lingua estranxeira.
- ✓ Realizar búsquedas de información guiadas.
- ✓ Facilitar o acceso á información global ou específica.
- ✓ Fomentar a propia autonomía no proceso de ensino –aprendizaxe.
- ✓ Proporcionar os recursos multimedia dispoñibles para o proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- ✓ Realizar traballos, presentacións, proxectos individuais ou en grupo.
- ✓ Estar ao día da información francófona relevante.

## **17.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR:**

Proporanse libros de lectura guiada de xeito voluntario ó longo do curso, tendo en conta o nivel de competencia lingüística de cada alumno. O principal obxectivo será o desenvolvemento da competencia comunicativa e da comprensión lectora. O PEC do centro establece un calendario de lectura a cumprir de 25 minutos diarios que cumprimos coma sempre. Concretamente, según o plan lector deste curso adicaremos un total de varias sesións por nivel, tempo que lle restaremos ao desenvolvemento da programación da área:

Total de tempo aproximado da área adicado ao Proxecto lector do centro por curso según o calendario previsto:

### OBXECTIVOS:

- Ler na aula, de forma individual ou colectiva, en silencio e en voz alta, con acento, ritmo e entoación adecuados.
- Empregar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes.
- Mellorar as habilidades lectoras: dicción, ritmo, entoación.
- Mellorar a comprensión lectora.

- Enriquecer gradualmente o campo lexical da materia.
- Traballar con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, en soporte impreso ou electrónico.
- Identificar datos ou informacións concretas.
- Responder correctamente a preguntas de comprensión lectora empregando estruturas lingüísticas apropiados.
- Usar diferentes fontes de información de xeito guiado segundo o nivel do alumno.
- Mellorar a expresión oral e escrita na lingua estranxeira a través da lectura.
- Coñecer outras culturas e formas de vida a través da lectura.
- Seleccionar actividades de comprensión lectora.

## **18.- CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO:**

Como contribución ao plan de convivencia, dende o departamento de Francés débense facer explícitas actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo, de cultura de paz. Terase que sensibilizar ao alumnado no seu papel activo e implicación no recoñecemento, evitación e control dos conflitos de convivencia no centro. Para iso, terase que traballar cos/as alumnos/as aspectos que lles permitan:

- Desenvolver habilidades interpersoais.
- Favorecer a comunicación e a toma de decisión por consenso.
- Asumir e practicar o respecto polos demais, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre home e mulleres..

Desde a titoría fomentárase sempre o emprego da vía diplomática e a empatía para resolver calquera tipo de conflito que poida xurdir.

## **19.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:**

Non está previsto facer ningunha saída extraescolar, dada a situación sanitaria actual COVID-19.

Realizaremos talleres prácticos traballando os 5 Bloques da área para celebrar conmemoracións (Noël, la Francophonie, Pâques, temas transversais e

proxectos realizados) e en torno ao tema transversal “**A arte na escola**” a través de actividades variadas.

Organizaremos exposicións de tarefas (murais) ou proxectos, gravacións de exposicións orais en francés realizados polos alumnos.

## **20.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:**

A programación anual do departamento revisarase ó longo do curso 2019-2020, tendo en conta os cambios legislativos recentes e as posibles modificacións necesarias que se poidan introducir para melloralo proceso de ensino – aprendizaxe.

### **Indicadores:**

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				

25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:
---------------

O profesor fará a análise da marcha do temario específico das materias que imparte ó longo do curso académico cubrindo a seguinte plantilla.

MATERIA: Segunda Lingua Estranxeira: Francés		DOCENTE:			
CURSO:		Conforme:		Indicar o motivo do incumprimento:	Modificacións:
		Si	Non		
<b>1ª</b> <b>AVA</b> <b>LIACI</b> <b>ÓN</b>	Obxectivos				
	Contidos				
	Criterios de avaliación				
	Metodoloxía				
	Recursos e Materiais				
<b>2ª</b> <b>AVA</b> <b>LIACI</b>	Obxectivos				
	Contidos				

ÓN	Criterios de avaliación				
	Metodoloxía				
	Recursos e Materiais				
3º AVA LIACI ÓN	Obxectivos				
	Contidos				
	Criterios de avaliación				
	Metodoloxía				
	Recursos e Materiais				

Valorarase o grado de cumprimento desta programación. Modificaranse a secuencialización da propia programación en función do ritmo de aprendizaxe e nivel dos diferentes grupos de alumnos e en función dos resultados académicos logrados despois da avaliación inicial e despois de cada avaliación, previo análise destes resultados.

## 21.- ANEXOS:

**TÁBOA PARA AVALIAR A LIBRETA DO ALUMNO:**

SI: 1 punto

NO: 0 puntos

Alumno/a:	Curso: ..... ESO Grupo: .....	Materia: 2ª Lingua Estranxeira, Francés			
CRITERIOS DE AVALIACION: (10% da nota de avaliación)	1ª avaliación:	2ª avaliación:	3ª avaliación:	Avaliación final:	
✓ Conservar o caderno en bo estado e coidar a presentación:					
✓ Indicar as datas correctamente:					
✓ Subliñar e destacar os títulos:					
✓ Recoller todas as explicacións:					
✓ Presentar todas as actividades coas correccións oportunas					
✓ Recortar e pegar os documentos por orde e limpamente:					
✓ Escribir de forma lexible					
✓ Copiar/escribir sen faltas de ortografía:					
✓ Respectar a puntuación:					
✓ Personalización da libreta:					
▪ Puntuación obtida sobre 10:					
Recomendacións para o alumno/a:					

Fdo. Iris Ramos Falcón

Xefa Departamento de Francés

Cuntis, 08 de outubro de 2020